

Décimo primeiro. *O período de prácticas.*

1. O período de prácticas profesional, ao cal poderá optar o solicitante nos termos fixados nos artigos 1.º d) e 7.º do Real decreto 1665/1991, adaptarase a un programa específico cuxa modalidade e duración determinará a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo, en casos excepcionais, coa Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia, oída a corporación profesional de ámbito estatal correspondente.

2. No prazo dun mes a partir da data de presentación do escrito de opción do interesado en que solicite someterse a un período de prácticas, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio consultará o colexio profesional ou consello xeral que corresponda, en relación coa proposta do interesado sobre o profesional que teña que ser responsable do período de prácticas. Se no prazo de quince días a corporación consultada non efectuase a contestación, entenderase cumprida a audiencia.

Antes de que transcorran dous meses desde a presentación da solicitude polo interesado, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza notificaralle o programa e a designación do profesional responsable das prácticas. Con esta notificación comezará a contar a duración destas.

A designación a que se refire o parágrafo anterior recaerá nun titulado da correspondente especialidade, voluntariamente inscrito nunha lista para o efecto, que levará cada un dos colexios profesionais ou consellos xerais afectados. Estas corporacións deberán actualizala, polo menos anualmente, e dar coñecemento do seu contido á Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. O período de prácticas do interesado terá lugar no establecemento e baixo a responsabilidade e avaliación do profesional designado, conforme o punto anterior.

O prazo de exercicio en prácticas da profesión non poderá exceder os tres anos, como determina o artigo 1.º d) do Real decreto 1665/1991, no caso das profesións de físico, químico, enxeñeiro industrial, enxeñeiro de minas, enxeñeiro de telecomunicación, enxeñeiro naval, nin de dous anos se se trata das profesións de enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico de minas, enxeñeiro técnico de telecomunicación, enxeñeiro técnico naval e técnico de empresas e actividades turísticas.

Durante o transcurso do período de prácticas, a Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá acordar entrevistas co interesado e co profesional responsable ou outros medios de inspección tendentes a verificar o cumprimento do programa establecido.

4. Finalizado o período de prácticas, o profesional que fose responsable das prácticas do solicitante remitirá, no prazo dun mes, á Subdirección Xeral de Recursos, Reclamacións e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, certificado acreditativo do cumprimento ou incumprimento do programa prescrito. Á vista do certificado que acredite o cumprimento do citado programa, no prazo dun mes dítase resolución de habilitación para o exercicio da actividade profesional correspondente. Se o certificado fose de incumprimento, o interesado poderá solicitar a realización dun novo período de prácticas.

Para a realización do novo período de prácticas, seguirase o procedemento establecido no presente punto.

Décimo segundo. *Recursos.*—Contra as resolucións ditas en execución da presente orde, poderase interpor

recurso de alzada ante o ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Décimo terceiro. *Prazos.*

1. Os informes necesarios para a resolución das solicitudes deberán emitirse no prazo máximo dun mes.

2. O procedemento de exame e resolución dunha solicitude de exercicio dunha profesión regulada terá unha duración máxima de catro meses, contados a partir da presentación da documentación completa, de acordo co previsto no artigo 8.2. da Directiva 89/48/CEE.

3. As solicitudes de recoñecemento a que se refire a presente orde, nas cales non recaese resolución en prazo, poderanse entender desestimadas para os efectos de interposición do recurso que proceda, de acordo co sinalado na disposición adicional 29.ª da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación co disposto no artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Isto non exclúe o deber de ditar unha resolución expresa, tal e como se prevén no artigo 43.4 da citada Lei 30/1992.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango, no que se opoñan á presente orde e, concretamente, a Orde do 2 de outubro de 1995.

Disposición derradeira primeira. *Instrucións de aplicación.*

Autorízase o titular da Subsecretaría de Industria, Turismo e Comercio para ditar as instrucións precisas para a aplicación da presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de febreiro de 2006.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sr. ministro de Industria, Turismo e Comercio e Sra. ministra de Educación e Ciencia.

3874 *REAL DECRETO 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril. («BOE» 54, do 4-3-2006.)*

A Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases e o Real decreto 782/1998, do 30 de abril, que aproba o seu Regulamento, incorporaban ao ordenamento xurídico interno a Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases.

A devandita directiva tiña por obxecto harmonizar as normas sobre xestión de envases e residuos de envases dos diferentes Estados membros, coa finalidade de previr ou reducir o seu impacto sobre o ambiente e evitar obstáculos comerciais entre os distintos Estados membros da Unión Europea.

Esta Directiva 94/62/CE foi modificada pola Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, na cal, xunto á introdución de determinados criterios relativos ao propio concepto de envase, se establecen novos e máis exixentes obxectivos, tendentes a reducir o impacto ambiental dos residuos de envases, como igualmente a facer máis coherente o mercado interior da reciclaxe deses materiais. A desagregación deses obxectivos para os distintos materiais obrigará a adoptar medidas específicas máis rigorosas para cada un dos sectores afectados.

Así, este real decreto traspón parcialmente a Directiva 2004/12/CE, modificando os obxectivos de reciclaxe e valorización contidos no artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, conforme a habilitación contida na disposición derradeira segunda da propia lei. Este precepto autoriza o Goberno a ditar as disposicións necesarias para revisar os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos no citado artigo 5 para adaptalos ás modificacións que sexan introducidas pola normativa comunitaria.

Por outra parte, e co fin de garantir a comparabilidade de datos entre os Estados membros ditouse a Decisión 2005/270/CE da Comisión, do 22 de marzo de 2005, pola que se establecen os modelos relativos ao sistema de bases de datos de conformidade coa Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos envases e residuos de envases, a cuxo contido se deberá axustar a información que se subministrará sobre envases e residuos de envases, e substitúese, polo tanto, o anexo 4 do Regulamento para o desenvolvemento e a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.

Ao mesmo tempo, cabe sinalar a importancia práctica da posible formalización de acordos voluntarios e convenios de colaboración entre as administracións competentes e os axentes económicos para o logro dos obxectivos ambientais perseguidos. Trátase de instrumentos legais que aparecen na Lei 11/1997, do 24 de abril, e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, que, pola súa propia flexibilidade, lles permiten aos axentes que operan en toda a cadea do envasado unha ampla marxe de acción para facilitarlles o cumprimento das obrigas derivadas da lexislación vixente.

Tamén os axentes que operan na xestión dos envases e residuos de envases, de conformidade, en todo caso, co principio comunitario de «quen contamina paga» e de responsabilidade do produtor, deben asumir unha responsabilidade compartida á hora de procurar que o impacto ambiental dos envases e residuos de envases, durante o seu ciclo de vida, sexa o mínimo posible. Así mesmo exixírase, nos casos que proceda, unha estreita cooperación de todas as partes implicadas.

Igualmente, dado que os consumidores e o público en xeral desempeñan un papel clave na xestión dos envases e residuos de envases, deben estar informados para adquirir pautas de comportamentos e actitudes máis respectuosas co ambiente.

Por último, este real decreto habilita o Goberno para que en colaboración coas comunidades autónomas propoña medidas para o fomento do uso de materiais reciclados procedentes dos residuos de envases, seguindo as directrices recollidas no Plan nacional de residuos urbanos onde se prevén este tipo de medidas, que tamén foron incluídas na nova Estratexia Europea de Prevención e Reciclaxe de Residuos, apoiada por Resolución do Consello do 28 de xuño de 2004.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas, o Consello Asesor de Medio Ambiente, os axentes económicos interesados e un elevado número de organizacións sociais, a través da Comisión Mixta de Envases e Residuos de Envases constituída de conformidade coa disposición adicional

quinta da Lei 11/1997, do 24 de abril, e emitiuse o ditame preceptivo da Comisión Nacional de Administración Local.

Esta disposición, conforme o previsto no artigo 16 da Directiva 94/62/CE, foi sometida ao proceso de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente; de Economía e Facenda; de Industria, Turismo e Comercio; de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 3 de marzo de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Modificación dos obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.*

Un. En virtude da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, modifícanse os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos nas alíneas a) e b) do seu artigo 5 como segue:

a) Desde a entrada en vigor deste real decreto e sen prexuízo do establecido nas alíneas b) e c), reciclarase entre un mínimo do 25% e un máximo do 45% en peso da totalidade dos materiais de envasado contidos nos residuos de envases, cun mínimo do 15% en peso para cada material de envasado;

b) Antes do 31 de decembro de 2008, e en anos sucesivos, reciclarase entre un mínimo do 55% e un máximo do 80% en peso dos residuos de envases;

c) Antes do 31 de decembro de 2008, e en anos sucesivos, alcanzaranse os seguintes obxectivos mínimos de reciclaxe dos materiais contidos nos residuos de envases:

- 1.º o 60 por cento en peso do vidro,
- 2.º o 60 por cento en peso do papel e cartón,
- 3.º o 50 por cento en peso dos metais,
- 4.º o 22,5 por cento en peso dos plásticos, contando exclusivamente o material que se volva transformar en plástico,
- 5.º o 15 por cento en peso da madeira;

d) Desde a entrada en vigor deste real decreto e sen prexuízo do establecido na alínea e), valorizarase ou incinerarase en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía entre un mínimo do 50 por cento e un máximo do 65 por cento en peso dos residuos de envases;

e) Antes do 31 de decembro de 2008, e en anos sucesivos, valorizarase ou incinerarase en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía un mínimo do 60 por cento en peso dos residuos de envases.

Dous. Os obxectivos de reciclaxe do punto 1 entenderanse incluídos no marco dos obxectivos xerais de valorización.

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento para a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.*

O Regulamento para a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado

polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril, queda modificado como segue:

Un. O punto 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, fomentarán o uso dos materiais obtidos a partir de residuos de envases reciclados. Para tal fin, promocionaranse as medidas previstas nos plans nacionais de residuos tendentes a incrementar o devandito uso e a crear ou mellorar os mercados secundarios dos materiais reciclados procedentes de residuos de envases.

Así mesmo, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, as administracións públicas poderán establecer subvencións e axudas públicas para fomentar actividades de investigación e desenvolvemento de investimentos destinadas á transformación ou mellora das plantas de envasado que sexan necesarias para a utilización de envases reutilizables, ao uso de materias primas secundarias procedentes da reciclaxe de envases na fabricación de novos envases ou produtos de calquera tipo, á fabricación de envases reutilizables ou reciclables, ou á posta en marcha de actividades que favorezan a reutilización ou a reciclaxe.»

Dous. Engádesse un novo punto 3 ao artigo 5, coa seguinte redacción:

«3. Para os efectos da avaliación do cumprimento dos obxectivos de reciclaxe e valorización citados no artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, poderanse ter en conta os residuos de envases que fosen exportados de conformidade co Regulamento (CEE) 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ao control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea e normas que o desenvolven, sempre que se acredite que a operación de reciclaxe ou valorización se levou a cabo en condicións máis ou menos equivalentes ás prescritas pola lexislación comunitaria na materia.»

Tres. Engádesse un novo artigo 9 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 9 bis. *Acordos voluntarios e convenios de colaboración.*

1. Sempre que se consigan os obxectivos establecidos no artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, as administracións públicas competentes e os axentes económicos responsables da posta no mercado de envases e produtos envasados poderán subscribir acordos voluntarios e convenios de colaboración, de conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 10/1998, do 21 de abril.

Nos instrumentos de formalización destes acordos ou convenios deberán especificar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) As partes intervinientes e a capacidade xurídica con que actúan.
- b) Obxectivos que se pretenden alcanzar coa formalización do acordo ou convenio e actuacións e prazos precisos para a súa consecución.
- c) Condicións en que se informará o público dos resultados obtidos na aplicación do acordo ou convenio.
- d) Réxime de financiamento.
- e) Prazo de vixencia do acordo ou convenio, posibilidade da súa prórroga e causas de extinción.
- f) Procedemento de control, por parte das administracións públicas competentes, dos resulta-

dos e os progresos obtidos en virtude do acordo ou convenio e prazos para a súa realización.

g) Responsabilidade por incumprimento do acordo ou convenio, sen prexuízo de que cando este sexa imputable aos axentes económicos participantes no acordo ou convenio se observe o disposto no capítulo IV e na disposición adicional primeira da Lei 11/1997, do 24 de abril, e no título VI da Lei 10/1998, do 21 de abril.

2. Os acordos e convenios notificaránselle na fase de borrador á Comisión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e Regulamentos técnicos. As administracións públicas competentes disporán a publicación no *Boletín Oficial del Estado* ou nos diarios oficiais das comunidades autónomas dun extracto dos acordos ou convenios subscritos e garantirán que o texto íntegro dos devanditos acordos ou convenios estea á disposición do público.

3. Os restantes axentes económicos poderanse adherir a estes acordos voluntarios e convenios de colaboración nas condicións que neles se establezan.»

Catro. O punto 2 do artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«2. O órgano competente da comunidade autónoma que reciba a información sinalada no punto anterior agruparáa adecuadamente, elaborando unha base de datos sobre envases e residuos de envases que conteña a información sinalada no anexo 4, de tal forma que permita coñecer, dentro do seu ámbito xeográfico de actuación, a magnitude, características e evolución dos fluxos de envases e residuos de envases, así como o control do cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 5 da Lei 11/1997.

O acceso a estas bases de datos rexeráse polo previsto na lexislación sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente.

As comunidades autónomas remitiránlle á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a información sinalada neste artigo, antes do día 31 de maio do ano seguinte ao período anual a que estean referidos os datos.

O Ministerio de Medio Ambiente comunicarlle a devandita información á Comisión Europea nun prazo de 18 meses a partir do final do ano correspondente, sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 2150/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2002, relativo ás estadísticas sobre residuos.

Xunto cos cadros cubertos, enviarase unha descrición da maneira en que se recompilaron os datos. Na devandita descrición tamén se explicarán as estimacións que se utilizaron.»

Cinco. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«5. As administracións públicas promoverán campañas de información e sensibilización dos axentes económicos e dos consumidores e farán públicos as medidas e obxectivos previstos neste real decreto.»

Seis. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 17, coa seguinte redacción:

«4. Nas revisións do Plan nacional de residuos urbanos e, en particular, do Programa nacional de residuos de envases e envases usados incluíranse as medidas para reducir o peso da totalidade dos residuos de envases xerados e fomentar a preven-

ción da contaminación e a aplicación do principio de responsabilidade dos produtores.»

Sete. O anexo 4 queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO 4

Información que se subministrará sobre envases e residuos de envases, conforme a Decisión 2005/270/CE da Comisión, do 22 de marzo de 2005, pola que se establecen os modelos relativos ao sistema de bases de datos de conformidade coa Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos envases e residuos de envases

1. *Obxecto.*

Este anexo ten por obxecto establecer os modelos relativos aos sistemas de bases de datos sobre envases e residuos de envases previstos no artigo 15 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases e no artigo 15 deste regulamento.

2. *Definicións.*

1. Ademais das definicións pertinentes establecidas no artigo 2 da Lei 11/1997, do 24 de abril, na elaboración da información sobre envases e residuos de envases serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Residuos de envases xerados: a cantidade de envases que se convierten en residuos, conforme o establecido no artigo 2 da Lei 11/1997, do 24 de abril, tras teren sido utilizados para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercadorías.

b) Residuos de envases valorizados: a cantidade de residuos de envases xerados no territorio do Estado que se valorizan no propio Estado, noutro Estado membro da Unión Europea ou fóra desta.

c) Residuos de envases valorizados ou incinerados en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía: a cantidade de residuos de envases xerados no territorio do Estado que se valorizan ou incineran en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía no propio Estado, noutro Estado membro da Unión Europea ou fóra da Comunidade.

d) Residuos de envases reciclados: a cantidade de residuos de envases xerados no Estado que se reciclan no propio Estado, noutro Estado membro da Unión Europea ou fóra da Unión Europea.

e) Porcentaxe de valorización ou incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía: para os efectos das alíneas d) e e) do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, na redacción dada polo artigo 1 do Real decreto polo que se modifican os obxectivos de redución, reciclaxe e valorización de envases e residuos de envases, a cantidade total de residuos de envases valorizados ou incinerados en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía dividida pola cantidade total de residuos de envases xerados.

f) Porcentaxe de reciclaxe: para os efectos do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, a cantidade total de residuos de envases reciclados dividida pola cantidade total de residuos de envases xerados.

2. Os residuos de envases xerados a que se refire o punto 1.a) non incluírán ningún tipo de residuo da produción de envases ou materiais de envasado ou de calquera outro proceso de produción.

Para os efectos deste anexo, poderase considerar que a xeración de residuos de envases equivale á cantidade de envases comercializados durante o mesmo ano.

3. *Determinación dos datos.*

1. Os datos correspondentes ao total de envases comprenderán todos os envases segundo quedan delimitados nos artigos 1.2 e 2.1) da Lei 11/1997, do 24 de abril.

Poderanse utilizar estimacións, en particular no caso dos materiais dos cales se xera unha menor cantidade e no dos materiais que non se mencionan neste anexo. As devanditas estimacións basearanse na mellor información dispoñible e presentaranse de conformidade co disposto no artigo 15.2 deste regulamento.

2. Considerarase que os envases reutilizables foron comercializados cando estean dispoñibles por primeira vez xunto coas mercadorías que están destinados a conter, protexer, manipular, distribuír ou presentar.

Os envases reutilizables non se considerarán residuos de envases cando se devolvan para a súa reutilización. Os envases reutilizables non se considerarán comercializados como envases cando estean de novo dispoñibles tras seren reutilizados cunha mercadoría.

Consideraranse residuos de envases os envases reutilizables desbotados ao final do seu ciclo de vida.

Para os efectos deste anexo, poderase considerar que os residuos de envases xerados a partir de envases reutilizables equivalen á cantidade de envases reutilizables comercializados durante o mesmo ano.

3. Os envases compostos consignaranse segundo o material predominante por peso.

Así mesmo, poderanse presentar á parte, con carácter voluntario, datos referentes á valorización e á reciclaxe de materiais compostos.

4. O peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados será o das entradas de residuos de envases nun proceso efectivo de valorización ou reciclaxe. En caso de que a produción dun centro de clasificación se destine a procesos efectivos de reciclaxe ou valorización sen perdas significativas, poderase considerar que a devandita produción corresponde ao peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados.

4. *Contabilización dos residuos de envases exportados.*

1. Os residuos de envases exportados fóra da Unión Europea só se contabilizarán como valorizados ou reciclados cando existan probas fidedignas de que a valorización ou a reciclaxe se levaron a cabo en condicións equivalentes, en termos xerais, ás establecidas pola normativa comunitaria neste ámbito.

2. Os movementos transfronteirizos de residuos de envases deberanse axustar ás disposicións do Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ao control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea, do Regulamento (CE) n.º 1420/1999 do Consello, do 29 de abril de 1999, polo que se establecen normas e procedementos comúns aplicables aos traslados de certos tipos de residuos a determinados países non membros da OCDE, e do Regulamento (CE) n.º 1547/1999 da Comisión, do 12 de xullo de 1999, polo que se determinan, conforme o Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, os procedementos de control que se deberán aplicar aos traslados dalgúns residuos a determinados países aos cales non lles é aplicable a Decisión C (92) 39 final da OCDE.

3. Os residuos de envases xerados noutros Estados membros ou fóra da Unión Europea que se envíen con fins de valorización ou reciclaxe a España, non se contabilizarán como valorizados ou reciclados en España.

5. *Peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados.*

1. O peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados medirase utilizando unha porcentaxe de humidade natural dos residuos de envases comparable ao dos envases comercializados equivalentes.

Efectuaranse correccións dos datos medidos referentes ao peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados en caso de que a porcentaxe de humidade dos residuos de envases difira regular e significativamente da dos envases comercializados e isto poida entrañar unha notable sobreestimación ou subestimación das porcentaxes de valorización ou reciclaxe de envases.

As devanditas correccións limitaranse a casos excepcionais, causados por condicións especiais de orde climática ou doutros tipos.

As correccións significativas deberanse consignar nas descricións sobre a recompilación de datos de conformidade co establecido no artigo 15.2 deste Regulamento.

2. No peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados non se deberán contabilizar, na medida en que iso sexa factible, os materiais distintos dos de envasado recollidos cos residuos de envases.

Efectuaranse correccións dos datos sobre o peso dos residuos de envases valorizados ou reciclados cando os materiais distintos dos de envasado incluídos nos residuos destinados a un proceso efectivo de valorización ou reciclaxe poidan entrañar unha notable sobreestimación ou subestimación das porcentaxes de valorización ou reciclaxe de envases.

Non se efectuarán correccións no que respecta ás pequenas cantidades de materiais distintos dos de envasado ou materiais contaminados que adoitán estar presentes nos residuos de envases.

As correccións significativas deberanse consignar nas descricións sobre a recompilación de datos regulada no artigo 15.2 deste regulamento.

6. *Extensión das disposicións sobre valorización.*

As disposicións sobre valorización serán tamén de aplicación, coas conseguíntes adaptacións, aos residuos de envases incinerados en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía, a que se refiren os puntos 3, 4 e 5.

7. *Información complementaria.*

O Ministerio de Medio Ambiente poderá proporcionar outros datos sobre os envases e residuos de envases, na medida en que dispoña deles.

Entre tales datos poderán figurar os seguintes:

a) datos sobre a produción, as exportacións e as importacións de envases baleiros;

b) datos sobre os envases reutilizables;

c) fraccións específicas de envases tales como os envases compostos;

d) niveis de concentración de metais pesados nos envases, a teor do artigo 13 da Lei 11/1997, e presenza de substancias nocivas e doutras substancias e materiais perigosos a teor do anexo da devandita lei;

e) residuos de envases que se consideran perigosos por teren sido contaminados polo contido do produto conforme o establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

8. *Presentación dos datos.*

Os datos presentaranse seguindo os modelos establecidos nos seguintes cadros, comezando polos datos correspondentes a 2003 e consignaranse con periodicidade anual conforme o establecido no artigo 15 deste regulamento.»

CADRO 1

Cantidades de residuos de envases xeradas en España e valorizadas ou incineradas en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía dentro ou fóra de España

Material	Residuos de envases xerados	Valorizadas ou incineradas en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía por						Total valorización e incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía
		Reciclaxe de materiais	Outras formas de reciclaxe	Total reciclaxe	Recuperación de enerxía	Outras formas de valorización	Incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía	
	Toneladas	Toneladas	Toneladas	Toneladas	Toneladas	Toneladas	Toneladas	Toneladas
	(a)	(b)	(c)	(d)	(e)	(f)	(g)	(h)
VIDRO								
PLÁSTICO								
PAPEL E CARTÓN								
METAIS	Aluminio							
	Aceiro							
	Total							
MADEIRA								
OUTROS								
TOTAL								

Notas sobre o cadro 1:

1. *Recadros brancos*: débense cubrir obrigatoriamente. Poderanse utilizar estimacións, ben que estas se deberán basear en datos empíricos e explicárense na descrición da metodoloxía.
2. *Recadros sombreados en claro*: débense cubrir obrigatoriamente, pero aceptaranse estimacións aproximadas, que se deberán explicar na descrición da metodoloxía.
3. *Recadros sombreados en escuro*: son facultativos.
4. Para os efectos deste real decreto, os datos referentes á reciclaxe de materiais de plástico incluírán todos os materiais que se volvan transformar en plástico.
5. A columna (c) abarca todas as formas de reciclaxe, incluída a orgánica, pero non a de materiais.
6. Na columna (d) tense que consignar o resultado da suma das columnas (b) e (c).
7. A columna (f) abarca todas as formas de valorización, excluídas a reciclaxe e a recuperación de enerxía.
8. Na columna (h) tense que consignar o resultado da suma das columnas (d), (e), (f) e (g).
9. Porcentaxe de valorización ou incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía para os efectos do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril: columna (h)/columna (a).
10. Porcentaxe de reciclaxe para os efectos do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril: columna (d)/columna (a).
11. Non se utilizarán os datos referentes á madeira para avaliar se se alcanzou a porcentaxe mínima do 15% en peso por cada material de envasado, previsto no artigo 5.b) da Lei 11/1997, do 24 de abril, con anterioridade á modificación establecida neste real decreto.

CADRO 2

Cantidades de residuos de envases enviadas a outros Estados membros ou exportadas fóra da Comunidade para valorización ou incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía

Material	Residuos de envases enviados a outros Estados membros ou exportados fóra da Comunidade para				
	Reciclaxe de materiais	Outras formas de reciclaxe	Recuperación de enerxía	Outras formas de valorización	Incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía
	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>
VIDRO					
PLÁSTICO					
PAPEL E CARTÓN					
METAIS	<i>Aluminio</i>				
	<i>Aceiro</i>				
	Total				
MADEIRA					
OUTROS					
TOTAL					

Notas sobre o cadro 2:

- Os datos deste cadro só se refiren ás cantidades que se teñen que contabilizar para lles dar cumprimento ás obrigas establecidas na Lei 11/1997, do 24 de abril. Tales datos constitúen un subconxunto dos datos xa consignados no cadro 1. Este cadro preséntase soamente a título informativo.
- Recadros sombreados en claro*: débense cubrir obrigatoriamente, pero aceptaranse estimacións aproximadas, que se deberán explicar na descrición da metodoloxía.
- Recadros sombreados en escuro*: son facultativos.
- Para os efectos deste real decreto, os datos referentes á reciclaxe de materiais de plástico incluírán todos os materiais que se volvan transformar en plástico.

CADRO 3

Cantidades de residuos de envases xeradas noutros Estados membros ou importadas de terceiros países e enviadas a España para valorización ou incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía

Material	Residuos de envases xerados noutros Estados membros ou importados de terceiros países e enviados a España para				
	Reciclaxe de materiais	Outras formas de reciclaxe	Recuperación de enerxía	Outras formas de valorización	Incineración en instalacións de incineración de residuos con recuperación de enerxía
	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>	<i>Toneladas</i>
VIDRO					
PLÁSTICO					
PAPEL E CARTÓN					
METAIS	<i>Aluminio</i>				
	<i>Aceiro</i>				
	Total				
MADEIRA					
OUTROS					
TOTAL					

Notas sobre o cadro 3:

- Os datos deste cadro preséntanse a título exclusivamente informativo. Non figuran no cadro 1 nin poden contabilizarse para determinar se España alcanzou os obxectivos previstos.
- Recadros sombreados en escuro*: son facultativos.
- Para os efectos deste real decreto, os datos referentes á reciclaxe de materiais de plástico incluírán todos os materiais que se volvan transformar en plástico.

Disposición adicional única. *Fomento da recuperación de enerxía.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, fomentarán cando proceda a recuperación de enerxía, sempre que sexa preferible á reciclaxe de materiais por razóns de ambiente e rendibilidade, o que se poderá levar a cabo mediante a consideración dunha marxe suficiente entre os obxectivos de reciclaxe e valorización.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre planificación xeral da actividade económica e sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1. 13.^a e 23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítanse os ministros de Medio Ambiente; de Economía e Facenda; de Industria, Turismo e Comercio; de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Sanidade e Consumo, para ditar, conxunta ou separadamente e no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

3875 *REAL DECRETO 255/2006, do 3 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 365/1995, do 10 de marzo. («BOE» 54, do 4-3-2006.)*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na súa disposición adicional novena, recolle o dereito preferente da funcionaria vítima de violencia de xénero a obter outro posto propio do seu corpo ou escala, de análogas

características, que se encontre vacante e sexa de necesaria provisión, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

Dentro das medidas contidas no Plan para a igualdade de xénero na Administración xeral do Estado, aprobado por acordo de Consello de Ministros o 4 de marzo de 2005, estipúlase que o Goberno, mediante real decreto, adoptará as medidas oportunas para facer efectiva tal previsión.

Por outro lado, o citado acordo inclúe distintas medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que traballan na Administración xeral do Estado, cuxo obxectivo é eliminar os obstáculos que aínda se constatan para garantir a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres no acceso e desempeño do servizo público. Este real decreto dálle cumprimento ao disposto no plan ao permitir a valoración nos concursos de méritos do coidado de fillos e de familiares dependentes.

Así mesmo, a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu unha nova figura, dentro da regulación dos sistemas de provisión de postos de traballo, para facilitar a mobilidade voluntaria por razóns de saúde ou rehabilitación dos funcionarios públicos e os seus familiares.

Tanto no suposto de mobilidade por razóns de saúde ou rehabilitación como no de mobilidade por razóns de violencia de xénero, a adscrición só terá carácter definitivo cando o interesado ocupase con tal carácter o seu posto de orixe. Por iso e por outros supostos análogos, é preciso modificar o artigo 70, grao persoal, do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, para que o desempeño dun posto en adscrición provisional non sexa óbice para a consolidación do grao persoal, sempre e cando se cumpran determinados requisitos, principalmente que o devandito posto ou outro de igual ou superior nivel se adquira posteriormente con carácter definitivo. Por outro lado, recoñécese expresamente que o tempo de servizos prestados noutra Administración pública debe computar para a consolidación do grao persoal, aclarando a redacción existente.

En relación cos concursos de méritos, clarifícase a redacción da valoración do mérito «traballo desenvolvido» coa finalidade de evitar dúbidas interpretativas. Así, recóllese expresamente a posibilidade de optar de forma alternativa ou simultánea pola valoración do mérito «traballo desenvolvido», como tempo de permanencia en postos de traballo de cada nivel e/ou como experiencia no desempeño de postos pertencentes á área funcional ou sectorial dos convocados e similitude entre o contido técnico e especialización dos postos ocupados polos candidatos.

Tales reformas requiren unha modificación de diversos preceptos do citado Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Finalmente, no Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, precísanse os supostos de feito necesarios para declarar a situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, que non cabe no caso de desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal.

En atención ao exposto, por proposta do ministro de Administracións Públicas, logo de informe da Comisión Superior de Persoal, de acordo co Consello de Estado e